PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:46:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:46:25
Nº Rexistro: 48662
Data envío: 30/01/2026 10:46:25.234

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34208**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o cumprimento polo Goberno galego da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular, o prazo en que pensa aprobar a súa planificación nesta materia e os mecanismos de colaboración coas institucións locais que eventualmente poña en marcha"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta puxo en marcha nos últimos anos un gran número de medidas para apoiar ao concellos no cumprimento das súas competencias en materia de xestión de residuos municipais e que estas están comezando a traducirse nunha evolución positiva dos indicadores de cumprimento.

En 2026 destinará máis de 5,1 millóns de euros a distintas liñas de achegas - algunhas delas novas- para apoiar aos concellos na execución de proxectos e medidas que contribúan a optimizar a xestión dos residuos de competencia municipal e flexibiliza os requisitos de acceso a elas coa finalidade de que cheguen a un maior número de entidades locais, incluídas as de pequeno tamaño. O fin último é avanzar cara a un modelo de economía circular a nivel local e na loita contra o cambio climático.

Nesta liña, só desde 2018 o Executivo galego apoiou centos de iniciativas municipais por importe de preto de 40 millóns de euros co obxectivo de optimizar a recollida separada, modernizar a rede de puntos limpos, promover a compostaxe, impulsar a xestión de residuos téxtiles e fomentar a reutilización, na liña do que establece a normativa comunitaria sobre a xestión de refugалlos.

En 2025, ademais, creouse unha Oficina de Economía Circular Municipal co obxecto de prestar un servizo de asesoramento especializado ás entidades locais, para impulsar a economía circular no ámbito local e optimizar a xestión de residuos municipais.

Ao abeiro desta Oficina, púxose en marcha un grupo de traballo coa Fegamp e as deputacións para abordar a adaptación á normativa, que constitúe un exemplo máis da colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático coas entidades locais e o resto de axentes implicados.

Deste xeito, o Goberno autonómico segue avanzando para pechar o círculo da sostibilidade, dotando a Galicia tamén dun marco normativo e estratéxico moderno e eficaz e potenciando de forma decidida unha xestión dos residuos baseada na prevención e no fomento da reciclaxe, aspectos fundamentais para superar o modelo de economía lineal e lograr unha transición enerxética xusta e ordenada.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





De feito, en 2024 aprobáronse os novos plans autonómicos de residuos que lle darán continuidade aos anteriores cun novo horizonte temporal: o Plan Sectorial de Xestión de Residuos Municipais de Galicia (PXRMG) e o Plan Sectorial de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA).

Ambos instrumentos marcan a folia de ruta a seguir ata o ano 2030 e consolidan o compromiso do Goberno galego cun novo modelo produtivo e unha xestión axeitada e sostible dos residuos en Galicia, en coherencia co Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030 e coa de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Neste momento de transición, a Xunta de Galicia apela á altura de miras e á cooperación institucional, á innovación e á complementariedade de modelos. Móstrase, por tanto, aberta ao diálogo para aproveitar a grande oportunidade que supón a transición cara a economía circular”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:43:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:43:11
Nº Rexistro: 48659
Data envío: 30/01/2026 10:43:11.562

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34508**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros deputados e deputadas, sobre **"a cobertura territorial, revisións periódicas, estado do material e persoal dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, con especial atención á provincia de Lugo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Cómpre lembrar, en primeiro lugar, que a normativa vixente é clara e inequívoca. De acordo coa Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, coa Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, e coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde ás deputacións provinciais garantir a prestación dos servizos de protección civil, extinción de incendios e salvamento nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

A pesar diso, este Goberno autonómico leva anos asumindo un esforzo económico, técnico e material sen precedentes, financiando máis do 52,5 % do custo dos GES, cun investimento anual superior aos 5,6 millóns de euros (5.628.000 euros), ao que se engaden máis de 12 millóns de euros en material desde 2013 e a formación integral de todo o persoal na Academia Galega de Seguridade Pública.

Este compromiso evidencia, sen lugar a dúbidas, que a seguridade da cidadanía é unha prioridade real para a Xunta de Galicia.

A rede actual de GES, creada para complementar os parques de bombeiros municipais e comarcais, permitiu corrixir déficits históricos de cobertura en amplas zonas do territorio galego, especialmente nas áreas rurais e menos poboadas, como acontece en boa parte da provincia de Lugo.

Neste senso, a Xunta de Galicia dispón dun mapa de emerxencias baseado en isócronas, elaborado con criterios técnicos e obxectivos, que permite identificar as zonas con maiores dificultades de acceso aos servizos de emerxencias, entre as que se atopa a montaña oriental de Lugo. Esta información foi posta reiteradamente a disposición de todas as deputacións e polo tanto tamén da Deputación de Lugo, que son as administracións competentes para adoptar as decisións oportunas.

A Xunta de Galicia non se limita a financiar os GES, senón que mantén un seguimento continuo e permanente do seu funcionamento, no marco do Convenio de colaboración asinado o 30 de decembro de 2024 coa FEGAMP e as deputacións provinciais, convenio que se atopa plenamente en vigor e en fase de execución.

Este seguimento realízase mediante mecanismos estables de coordinación técnica, comisións de seguimento e a integración operativa dos GES no sistema 112 Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A Xunta de Galicia é, con diferenza, a administración que maior esforzo realiza na dotación de medios materiais aos GES, aplicando criterios técnicos, obxectivos e transparentes, orientados á eficacia operativa e ao equilibrio territorial.

O obxectivo perseguido coa cesión de material por parte da Xunta é que todos os GES dispoñan, como mínimo, de vehículos autobomba, equipos de excarceración e furgóns de servizos varios, ademais de numerosos medios complementarios como equipos de comunicación, desfibriladores semiautomáticos, traxes de protección individual, medios acuáticos ou equipamentos especializados.

A conservación e mantemento deste material corresponde ás entidades locais xestoras dos GES.

A Xunta de Galicia ten coñecemento das diferenzas existentes na dotación de persoal entre os distintos GES, pero cómpre insistir en que a xestión do persoal — incluíndo a cobertura de prazas, a organización das quendas, as substitucións ou os procesos selectivos— é competencia exclusiva das entidades locais responsables.

Os convenios establecen unha estrutura mínima de funcionamento, e a Xunta realiza labores de seguimento e coordinación, trasladando ás administracións competentes aquelas incidencias que poidan afectar á operatividade do servizo.

A Xunta de Galicia considera que o sistema dos GES funciona de maneira adecuada como estrutura complementaria dos parques de bombeiros, conta cun respaldo financeiro, material e formativo sen precedentes por parte da Administración autonómica e está sometido a unha avaliación e mellora continua baseada en criterios técnicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 20:30:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49267
Data envío: 03/02/2026 20:30:20.823

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34713**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, dona Ariadna Fernández González e dona Noa Presas Bergantiño, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de establecer un diálogo aberto e transparente para crear o Observatorio Galego de Mulleres Rurais e redactar o Estatuto das Mulleres do Rural"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural** en colaboración coa **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 34711 e debatida na Comisión 7ª do día 28 de novembro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/search?
view_type=list&legs_id=&gbody_id=&channel_id=&tag_id=&date=28%2F11%2F2025
&date_from=&date_to=&speaker_id=&text=](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/search?view_type=list&legs_id=&gbody_id=&channel_id=&tag_id=&date=28%2F11%2F2025&date_from=&date_to=&speaker_id=&text=)

A Lei de Igualdade de Galicia, recolle no seu artigo 179 o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, un órgano colexiado de asesoramento, análise e seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia. Actualmente, anteproxecto do decreto que regula o Observatorio atópase en fase de tramitación.

As modificacións que se levaron a cabo no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar fixéronse para incluír na súa composición a representantes da Federación Galega de Confrarías, que integra, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

A súa composición, como non podería ser doutro xeito, avalíouse directamente co sector, co que se mantiveron encontros para concretar a representatividade.

Precisamente, froito desas reunións e a petición do propio sector, determinouse a inclusión da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

Polo que, a composición do observatorio foi froito única e exclusivamente da escoita activa co sector.

A Federación Galega de Confrarías agrupa ás 63 confrarías galegas, que contan entornó a 10.750 afiliados, das que máis de 3.300 son mulleres. E que, no seu conxunto, máis de 200 mulleres están nos órganos de goberno das confrarías".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 20:30:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49266
Data envío: 03/02/2026 20:30:02.958

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 34927**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a declaración de forza maior nos bancos marisqueiros do río Ulla, así como a publicación e pago de axudas, compensacións, plans de rexeneración e informes técnicos para xustificar e dar transparencia ao peche"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 26 de setembro de 2025, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro mantivo un encontro con representantes do sector para analizar os resultados das mostraxes realizadas polos técnicos do Centro de Investigación Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, nos bancos de libre marisqueo de Lombos do Ulla, Cabío e Bohído, na ría de Arousa.

Na xuntanza, enmarcada no modelo de cogobernanza coa que a Xunta aborda a xestión pesqueira en Galicia, participaron representantes das federacións galega e provincial de Pontevedra de confrarías, dos pósitos da ría, membros de Gardacostas e o técnico do CIMA responsable dos traballos de mostraxe. O obxectivo era valorar xunto co sector a situación que presentan na actualidade así como decidir o regreso da actividade extractiva.

A directora Xeral trasladou ás entidades sectoriais que os datos dispoñibles os cales reflexan un estado actual do recurso que desaconsella o inicio da actividade marisqueira nestas zonas produtivas. Nesta liña, valoráronse medidas de carácter técnico que permitan avanzar na recuperación destes bancos polo que se consensuou a decisión de pechar estas zonas produtivas durante seis meses co obxectivo de consolidar a súa recuperación e favorecer o crecemento das poboacións de bivalvo de cara ao vindeiro ano.

A prohibición de extraer bivalvo será desenvolvida cunha veda durante o último trimestre de este ano e unha parada biolóxica nos primeiros tres meses do 2026 pola que as persoas mariscadoras afectadas recibirán compensacións económicas. Así, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro manifestou o compromiso da Xunta de tramitar esta convocatoria de apoios coa maior axilidade coa finalidade de que estean a disposición do sector o antes posible.

Así, a forza maior declarouse coa resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 30 de setembro de 2025 pola que se vedan temporalmente zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa non sometidas a plan de xestión para a actividade extractiva de marisqueo a flote con vara.

Logo da emisión desta resolución aquelas persoas que cumprían os requisitos establecidos polo ISM puideron acollerse a un cese de actividade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Informar que a Consellería do Mar xa ten elaborado un borrador de Orde de axudas para a compensación pola paralización temporal da actividade de marisqueo a flote nas zonas afectadas pola parada para os meses de xaneiro a marzo. Esta Orde publicarase no Diario Oficial de Galicia en abril, unha vez rematado o período da parada, de tal xeito que todos os solicitantes podan acreditar o cumprimento dos requisitos da convocatoria.

Existe crédito orzamentario axeitado e suficiente no orzamento de gastos da Consellería do Mar para o financiamento de esta convocatoria de axudas para a compensación por paralización temporal da actividade de marisqueo a flote. As axudas tramitaranse e pagaranse aos solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria, coa máxima celeridade, como xa se fixo coas diferentes Ordes de compensación por paradas temporais convocadas e pagadas en 2025.

Durante o peche estanse a realizar labores de rexeneración mediante a encarga de rexeneración así realizáronse 53 xornadas de remoción de substrato nunha area de 1,2 Km cadrados na zona central do banco do Bohído e sementáronse un total de 565.050 uds. de ameixa babosa e 22.700 uds. de ameixa xaponesa procedentes dos centros de investigación dependentes da Consellería do Mar.

Só lembrar que en Lombos non se están a realizar estas actividades de semicultivo porque os recrutamentos están a ser positivos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:42:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:42:58
Nº Rexistro: 48657
Data envío: 30/01/2026 10:42:58,532

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35062**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros deputados do mesmo grupo, sobre **"a situación do punto limpo de Ribadumia e a revisión das actuacións de mellora do bombeo e do colector de Cabanelas, no devandito concello, co obxecto de evitar que se sigan producindo verteduras no río Umia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia en materia de recollida de residuos especiais, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, o Concello de Ribadumia resultou beneficiario do procedemento MT975M (2022) para a ampliación e mellora do punto limpo municipal.

É preciso destacar que o punto limpo municipal de Ribadumia conta con autorización como xestor de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos dende o 2 de febreiro de 2018, autorización que foi adaptada de oficio á normativa vixente mediante resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade do 24 de outubro de 2024, ao abeiro do disposto na Lei 7/2022, do 8 de abril.

E sobre as obras de ampliación e mellora, segundo a información trasladada polo Concello, con data 28 de novembro de 2025, estanse a ultimar os traballos necesarios para a súa posta en marcha.

O Concello, en todo caso, presta tamén o servizo de recollida de residuos municipais mediante puntos limpos de proximidade situados na praza do Concello, no mercado municipal e no entorno do centro de saúde, así como a través do servizo de recollida porta a porta de residuos voluminosos.

No relativo á EDAR, a Xunta investiu recentemente 950.000 euros na mellora do bombeo e do colector de Cabanelas, co obxectivo de optimizar o funcionamento da EDAR de Ribadumia. As obras incluíron a modificación do trazado do bombeo para que as augas vaian directamente á EDAR, sen pasar polo bombeo de Barrantes.

Segundo a información dispoñible, as instalacións están funcionando correctamente e cumprindo cos obxectivos para os que foron deseñadas.

O sistema de saneamento da EDAR de Ribadumia é complexo, xa que trata as augas residuais de varios concellos e a importantes industrias e polígonos, e conta con

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





algúns servizos mancomunados, estando así as competencias neste ámbito de xestión repartidas entre varias administracións locais.

Neste sistema é moi relevante garantir que os vertidos industriais cumpran coa normativa de vertido ás redes de saneamento, para evitar problemas ambientais e acadar a equidade entre as industrias, especialmente aquelas que están investindo en sistemas de depuración propios.

Augas de Galicia está a colaborar cos concellos con polígonos industriais de Galicia para identificar e resolver esta problemática, tamén cos do ámbito da EDAR de Ribadumia.

Sobre esta cuestión, respondeu o director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, na comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o pasado 11 de setembro, en resposta á POC 31822.

Enlace ao vídeo da comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWFjNTI4NmYtNzBkZS00ZTQ0LTkwNzktOGMwYjg2NmJiZDQ0&start=8599>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 18:29:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:29:45
Nº Rexistro: 49471
Data envío: 04/02/2026 18:29:45.151

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35543**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto dunha posible revisión e mellora das liñas de axudas para os afectados nos sectores agrogandeiro e forestal polos incendios do verán de 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 35542 e debatida no pleno 22 de outubro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjRkNGUxYzYtM2FlMS00ODBiLThmOWEtNTE3MThkNmM1MDZh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 11:01:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 11:01:31
Nº Rexistro: 49132
Data envío: 03/02/2026 11:01:31.762

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35686**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de fomentar a agricultura e a gandería extensivas, impulsar o funcionamento do banco público de terras e contribuír ao relevo xeracional no rural galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na proposición non de lei con número 35682 e debatida no pleno do 5 de novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTFkY2E3NjctMmI0MC00MmExLTk4YzEtMDI2Y2ViNTNmMDdh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 11:20:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 11:20:31
Nº Rexistro: 49151
Data envío: 03/02/2026 11:20:31.416

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35690**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outras deputadas e deputados, sobre **"a situación en que están as concentracións parcelarias no concello de Agolada, a actuación da Xunta de Galicia nestes procesos e as súas previsións orzamentarias para poder levalas a cabo con maior celeridade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 35691 e debatida no Pleno do 21 de outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YmRjZWJhMGltNmI2Yy00YTA4LWlZZWltNDc1ZDFkNWYxNTE4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:46:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:46:53
Nº Rexistro: 49249
Data envío: 03/02/2026 17:46:53.088

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35776**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"a moratoria do eucalipto e a ordenación multifuncional e sustentable do monte galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 35773 do pleno do 22 de outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2M2YWNiYmMtNzkwZi00ZTJmLWJhZTMtNmI2YTlyZjZhZTJl>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:43:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:43:11
Nº Rexistro: 49124
Data envío: 03/02/2026 10:43:11.316

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35796**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para reducir os atrasos nas Unidades de Valoración Forense Integral, reforzar persoal especializado e mellorar a atención e protección ás vítimas de violencia de xénero en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro que hai que destacar é que a memoria da Fiscalía Xeral do Estado incorre nun error moi grave, que é incluír como período de informe do Imelga, o tempo transcorrido desde a solicitude por parte da fiscalía de informe de valoración, de maneira que compute como tempo de retraso, cando o correcto é que o prazo empece a correr desde a entrada no Imelga da solicitude e toda a documentación adecuada e correspondente.

Das probas periciais, hai que destacar o incremento de solicitudes no ano 2024, respecto do ano anterior, que medraron hasta as 33.967 e emitíronse 27.188 informes.

O balance do ano 2024 é satisfactorio por canto resolvéronse un 81% das solicitudes recibidas, nun prazo razoable, tendo en conta que algunhas delas inadmitíense e outras resólvense nun só informe.

As que están pendentes é por incomparecencias nas entrevistas, porque falta por entregar documentación ou probas complementarias solicitadas ou aqueles lesionados que están pendentes de tratamento médico e polo tanto non se pode emitir un informe de sanidade.

En situación similar encóntrase os datos do ano 2025, a espera da realización da memoria deste ano.

Mención aparte merece a actividade no ámbito da violencia sobre a muller, que se centra en tres áreas co diferente abordaxe, a asistencia as vítimas de violencia sexual, a valoración da violencia física e a valoración integral da violencia de xénero.

Salientar tamén que a sala de autopsias da Cidade da Xustiza de Vigo, que se puxo en funcionamento recentemente, é a única do noso territorio situada nun edificio xudicial, e con niveis de bioseguridade III que permiten a protección tanto dos traballadores do Imelga como do resto de profesionais ao servizo da Administración de Xustiza.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por último, indicar que en 23 partidos xudiciais xa dispoñen de salas específicas e habilitadas para a atención ás vítimas. Noutras 11 sedes xudiciais, non habendo espazos especificamente habilitados para as vítimas, si dispoñen de salas de agarda onde permanecer.

Salientar neste eido que os novos edificios xudiciais se deseñan cunha sala de atención para as vítimas e con circulación reservada para agresores-detidos. No caso de vítimas especialmente vulnerables e de menores, os xulgados da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo contan cunha Sala Gesell.

Coa entrada en vigor do real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, consolídase a vía telemática para a xeneralidade das actuacións procesuais nos órganos xurisdiccionais. No ámbito penal, as vítimas de violencia de xénero, de violencia sexual, de trata de seres humanos, vítimas menores de idade ou con discapacidade, poderán intervir dende os lugares onde se atopen recibindo oficialmente asistencia, atención, asesoramento ou protección, ou dende calquera outro lugar, sempre que dispoñan dos medios suficientes para asegurar a súa identidade e as axeitadas condicións da intervención. É por iso que neste momento, a Xunta de Galicia está traballando para dotar a todas as vilas e concellos dos chamados "puntos de acceso seguros" e dos "lugares seguros", para favorecer esa intervención telemática.

A Xunta de Galicia, a través de AMTEGA, dotou ós órganos xudiciais de equipos de gravación e de videoconferencia, que permiten que as declaracións das vítimas de especial protección sexan gravadas para despois ser reproducidas durante o xuízo, evitando que teñan que acudir novamente á sede xudicial e pasar polo mesmo trámite. Actualmente todos os partidos xudiciais da nosa comunidade contan con este sistema de videoconferencia.

Por outra banda, para conseguir esa reparación e protección integral, unha ferramenta fundamental de asistencia e apoio ás vítimas configúranos as Oficinas de Asistencia ás Vítimas (OAV), que radican nos Servizos de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima, dependen dos Decanatos das sete cidades e o seu obxectivo é prestar asistencia social e psicolóxica ás vítimas e, no seu caso, derivalas e acompañalas ós servizos correspondentes. Nos seus informes tamén solicitan á autoridade xudicial a adopción das medidas de seguridade e protección oportunas e que correspondan co perfil da vítima tanto antes como durante o procedemento penal, e incluso na fase de seguimento.

Igualmente, debemos ter en conta e destacar a existencia en Galicia de diferentes protocolos, convenios e manuais que teñen por obxecto dar ás vítimas a asistencia coordinada, integral e especializada á que teñen dereito.

Tal e como se aprecia, con estes instrumentos coordínase a actuación xudicial coas Oficinas de Asistencia ás Vítimas, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, co Sergas e cos Consellos da Avogacía e Procuradoría galegos, todos sectores claves na

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





asistencia e protección ás vítimas. Porque a protección das vítimas non se restrinxen á existencia de espazos específicos, senón que requiren a coordinación de todas as persoas que interveñen desde o principio ata o fin de procedemento, e esta coordinación soamente é posible coa existencia de estes instrumentos.

Outro punto a ter en conta para garantir e reforzar a protección e o trato especializado que debe dispensarse ás vítimas deste tipo de delitos, é a formación continua. A este respecto todo o persoal ó servizo da Administración de Xustiza ten á súa disposición unha ampla gama de cursos de formación, garantindo a especialización e actualización na materia e o trato especializado que debe dispensarse ás vítimas deste tipo de delitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 11:20:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 11:20:24
Nº Rexistro: 49150
Data envío: 03/02/2026 11:20:24.958

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35803**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de reforzar as liñas problemáticas e de revisar a planificación do transporte escolar no concello de Santa Comba para garantir a seguridade e evitar incidencias durante o curso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 35802, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 4ª celebrada o 12 de novembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa da directora xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNlYTAzMDI3YjUz&start=1176](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNlYTAzMDI3YjUz&start=1176)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNlYTAzMDI3YjUz&start=2291"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNlYTAzMDI3YjUz&start=2291)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:46:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:46:34
Nº Rexistro: 49246
Data envío: 03/02/2026 17:46:34.789

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 35878**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a posición da Xunta de Galicia respecto da reforma da Lei 39/2022 do deporte proposta polo Partido Popular no Senado e o seu impacto na participación internacional dos deportistas galegos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O posicionamento do Goberno galego no ámbito das seleccións deportivas autonómicas ven establecido no artigo 65.5 da Lei do deporte de Galicia, Lei 3/2012, de 2 de abril, precepto que garante esta actividade internacional, que se deberá axustar aos "termos da lexislación xeral sobre representación e actividade internacional das entidades deportivas". En cumprimento deste artigo, a Xunta de Galicia promove a actividade das seleccións deportivas autonómicas a través dos convenios de colaboración que anualmente firma coas respectivas federacións deportivas.

A nosa previsión e marco legal respecta a doutrina constitucional, que é pacífica e foi ditada xa hai uns anos en relación ás leis do deporte de País Vasco –sentencia 80/2012, do 18 de abril- e Cataluña - sentencia 110/2012, do 23 de maio-: a previsión de que as federacións vascas/catalás de cada modalidade deportiva serán as únicas representantes do deporte federado vasco/catalán no ámbito internacional é constitucional sempre que se trate de deportes nos que non existan federacións españolas, e que, en ningún caso, se impidan ou perturben as competencias do Estado de coordinación e representación internacional do deporte español".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:42:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:42:50
Nº Rexistro: 49121
Data envío: 03/02/2026 10:42:50.437

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 36075**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"os motivos polos que o concello de Neda quedou excluído do proxecto de saneamento xeral da ría de Ferrol impulsado pola Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de saneamento son estritamente municipais, e así se recolle na normativa reguladora en materia de réxime local e na normativa sectorial en materia de augas (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia).

Non obstante, Augas de Galicia está a colaborar con Neda, ao igual que co resto das administracións locais de Galicia, nesta materia no exercicio das súas competencias e segundo a dispoñibilidade orzamentaria, prestando apoio técnico e financeiro para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficiente das ditas competencias municipais exclusivas.

No caso concreto de Neda, Augas de Galicia ten mostrado disposición continua a apoiar técnica e economicamente a Neda, mais a definición da solución definitiva require dunha decisión expresa do Concello cunha solución técnica, administrativa, ambiental e social viable.

Máis polo miúdo, desde o ano 2010, Augas de Galicia vén mantendo un diálogo permanente co Concello de Neda para axudar a ese concello a que busque unha solución técnica e ambientalmente axeitada aos vertidos que a súa rede de saneamento produce na zona de Xubia. Froito deste traballo conxunto realizáronse múltiples reunións e estudos, e impulsáronse distintas actuacións co obxectivo de mellorar a rede de saneamento e o funcionamento da EDAR municipal.

Este traballo de colaboración reforzouse no último ano, pero se necesita que o Concello tome unha decisión clara.

É preciso tamén lembrar que en 2014, licitáronse as obras de melloras no sistema de saneamento e depuración no Concello de Neda por un importe de 540.054,92 euros, financiadas por Augas de Galicia. Ademais executáronse distintas actuacións menores. Todas estas actuacións foron financiadas con fondos autonómicos, sen achega municipal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:29:27
Nº Rexistro: 49468
Data envío: 04/02/2026 18:29:27.442

Augas de Galicia, en definitiva, mantén o seu compromiso de avanzar cara á eliminación total dos vertidos na ría de Ferrol, onde xa se ten mobilizados máis de 130 millóns de euros desde o ano 2009 nas marxes norte e sur. O caso de Neda non é unha excepción: a Xunta está disposta a seguir colaborando, mais resulta imprescindible que o Concello defina a alternativa técnica que quere executar e que garanta o correcto funcionamento das súas instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 18:29:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:29:27
Nº Rexistro: 49468
Data envío: 04/02/2026 18:29:27.442

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 36117**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outras deputadas e deputados, sobre **"o control do cumprimento do contrato de AVINCIS como empresa adxudicataria dos servizos de helicópteros do salvamento marítimo de Galicia, as actuacións da Xunta de Galicia para garantir o seu correcto funcionamento e a posible de crear unha comisión de seguimento e avaliar os custos deste servizo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A valoración que fai a Consellería do Mar da execución por parte da UTE adxudicataria do contrato de servizo de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia é, con carácter xeral, positiva.

O contrato estase a desenvolver de acordo coas condicións e prescricións técnicas establecidas nos pregos que rexen na licitación. A subdirección xeral de Gardacostas de Galicia, como unidade responsable da execución do contrato, leva un exhaustivo control e seguimento da execución correcta do servizo nos termos establecidos nos pregos.

Tal como se esixe nos pregos a empresa comunica de forma inmediata vía telefónica calquera incidencia que afecte á operatividade das bases, e se confirma posteriormente por correo electrónico para constancia escrita. Esta comunicación realízase á Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas e queda rexistrada no Centro de Control da empresa contratista. Por outra parte, ao abeiro do estipulado nos pregos, a Consellería realiza periodicamente actuacións de inspección "in situ" para comprobar a correcta execución do contrato.

Tamén cómpre indicar que a Consellería do Mar encargou unha auditoría externa co obxecto de verificar que os helicópteros adscritos a cada unha das bases cumpren rigorosamente os requisitos establecidos no punto 4.2 do prego de prescricións técnicas do contrato.

En ningún caso esta consellería detectou ata o momento ningún incumprimento sistemático por parte da empresa adxudicataria das obrigas contractuais. De feito, se temos en conta a operatividade das unidades aéreas, hai que concluír que a execución do contrato está sendo moi satisfactoria, acadando de media porcentaxes de operatividade do 95 %.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Como toda aeronave, os helicópteros deben estar sometidos a controis moi exhaustivos e un mantemento moi estrito. As paradas temporais dos helicópteros son frecuentes co obxecto de realizar as necesarias revisións e accións de mantemento correctivo, preventivo e programado. Estas aeronaves están suxeitas a uns plans de mantemento que se deben cumprir de forma exhaustiva para garantir a seguridade da tripulación e pasaxeiros. Ademais para o tipo de misión que van desenvolver, estes helicópteros están equipados cunha aviónica e equipos de rescate dotados dunha tecnoloxía moi avanzada que requiren controis moi estritos.

Ata o momento a consellería non tivo que aplicar penalidades neste contrato por presentar graos de operatividade mensuais inferiores ao 90%. A única penalización que impuxo esta consellería durante a execución do actual contrato foi como consecuencia do retraso na posta a disposición do servizo na base de Vigo do helicóptero modelo LEONARDO AW139. O contrato iniciou a súa execución o 01/11/2023 pero non foi ata o día 26/12/2023 cando entrou no servizo o citado helicóptero na base de Vigo. Durante ese período o servizo foi prestado polo helicóptero modelo SIKORSKY S76, aeronave adscrita ao servizo no anterior contrato, pero que non era o modelo ofertado para o novo contrato. Por este incumprimento impúxoselle a UTE adxudicataria unha penalidade de 140.000 €.

En definitiva, tendo en conta a complexidade técnica e organizativa do servizo e as situacións de conflitividade laboral con determinado persoal adscrito ao contrato, a consellería está razoablemente satisfeita co desenvolvemento do servizo. A consellería realiza un seguimento continuo da execución do contrato asegurando o cumprimento das condicións do contrato, sen que, para isto, sexa necesario crear una Comisión para o efecto, non prevista nos pregos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:46:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:46:14
Nº Rexistro: 49243
Data envío: 03/02/2026 17:46:14.797

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 36175**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de habilitar axudas directas para o sector marisqueiro da ría de Ferrol afectado pola declaración de zona C"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o 7 de agosto de 2025 a convocatoria de axudas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros da ría de Ferrol. A finalidade destes apoios é compensar os efectos desta medida establecida desde o 16 de abril ao 16 de xullo como medida técnica de conservación recollida nos plans de xestión conxuntos de moluscos bivalvos a pé, a pé con embarcación auxiliar e desde embarcación en zonas de libre marisqueo e en zonas autorización das confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos.

Así o indicou a conselleira do Mar, Marta Villaverde, nos encontros mantidos cos representantes destes tres pósitos, e nos que analizaron estes apoios e sentaron as bases para establecer novas vías de colaboración, no marco do compromiso do Goberno galego coa sustentabilidade económica e ambiental da actividade marisqueira.

As achegas, que están dotadas con case 1 millón de euros e cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), distribúense en dúas ordes de axuda. Unha para o marisqueo a pé e outra para o marisqueo a frote. Para o cálculo dos importes aplicase un baremo baseado nos ingresos do período de referencia partindo dos ingresos medios nos últimos tres anos.

Por outra banda, no caso do marisqueo a frote, para as persoas armadoras establécese un importe máximo da axuda por embarcación atendendo ao seu arqueado bruto (GT) e o número de días de lucro cesante a razón de 20,01 euros e 31,73 euros diarios, cun importe mínimo de 134 euros. Para os tripulantes o importe máximo ascenderá a 50 euros por día de paralización. Para obter a condición de persoa beneficiaria en todos os casos deberase acreditar unha actividade extractiva de, cando menos, 120 días nos últimos dous anos, correspondendo como mínimo o 20% deste período na modalidade de libre marisqueo ou marisqueo na zona VII.

En total son 124 persoas mariscadoras a pé, 102 tripulantes e 40 embarcacións as potenciais beneficiarias das compensacións económicas pola parada da actividade extractiva nas zonas produtivas. Deste xeito, o Goberno galego reforza os apoios ao sector marisqueiro, actividade que ten un papel estratéxico na comunidade, tamén en materia de soberanía alimentaria, ao prover ao mercado de produtos de excelente calidade e nas mellores condicións de salubridade e trazabilidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta medida técnica de conservación foi consensuada coas tres confrarías que o ano pasado comercializaron 182,5 toneladas de bivalvo por valor de 2,2 millóns de euros. Unha cifras que poñen en valor a importancia deste sector e a súa contribución a diversificar a economía destas comunidades costeiras xerando emprego e fixando poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:42:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:42:16
Nº Rexistro: 48649
Data envío: 30/01/2026 10:42:16.685

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 36417**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros deputados e deputadas, sobre **"a intervención que a Xunta de Galicia debe realizar para subsanar as deficiencias estruturais e mellorar as condicións de uso deportivo e social do campo de fútbol do Couto en Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"As últimas obras de reforma e mellora do estadio, así como as de rexeneración do céspede acometidas estes pasados exercicios, cun investimento total de 2,8 millóns de euros, supuxeron unha importante modernización e mellora da instalación. Estas dúas obras non esgotan as actuacións levadas a cabo pola secretaría xeral para o Deporte que, de forma continuada, está a cargo do mantemento do estadio. Así, por exemplo, vense de contratar a actualización do plan de autoprotección (formalizándose o documento en agosto deste ano), e distintas melloras nas saídas e accesos da instalación deportiva.

No que respecta á concreta cuestión do céspede, o seu estado é totalmente apto para a práctica do fútbol, se ben non é actualmente o óptimo debido a dúas circunstancias. En primeiro lugar, o verán excepcionalmente caloroso (récord dende que hai rexistros) que motivou a aparición dun fungo que houbo que tratar e, en segundo termo, a saturación de partidos disputados no estadio (14 nos últimos 70 días), o que é unha sobrecarga excesiva para un campo de herba natural (o habitual é que unicamente haxa un club xogando no campo, non dous como sucede neste caso; dous que, ademais, están a disputar dúas competicións ao mesmo tempo). Salientar neste punto, que a Xunta de Galicia ven de contratar o servizo integral de conservación e mantemento do céspede por un importe de 135.000 euros anuais, e que cubre as necesidades de mantemento do céspede natural.

Polo que respecta á accesibilidade, a instalación cumpre coa normativa actualmente en vigor na grada tribuna; tamén no relativo ao sistema de iluminación e ás retransmisións deportivas, a instalacións cumpre cos parámetros que esixen as competicións que se desenvolven no estadio, e as televisións que realizan as retransmisións teñen os espazos que solicitan para as mesmas (teñen un palco propio como se tiña solicitado).

No ámbito das cuestións relativas ás esculturas, ambas dúas están gardadas e en vías de estudo e valoración para arranxalas ou substituíralas, segundo o seu estado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por último, sinalar que as actuacións realizadas no estadio teñen permitido modernizar a infraestrutura e supuxeron unha gran mellora das instalacións. Estas actuacións son continuas e supoñen unha acción continuada de mantemento da instalación. De feito, e entre as próximas actuacións a realizar, atópase a da urbanización exterior do estadio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:42:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:42:35
Nº Rexistro: 49119
Data envío: 03/02/2026 10:42:35.491

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 36815**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as medidas da Xunta de Galicia para garantir a aplicación do protocolo de prevención e seguimento de violencia no SAF e a posible dotación de máis recursos económicos aos concellos para executalo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi respondida coa interpelación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, con número de rexistro 36818, no Pleno dos días 27 e 28 de xaneiro, por parte do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez.

A continuación, remitimos o enderezo da resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWNjMmUxZTUtNGYyZi00YmVLLWFhMzMtYjY2Y2ZmNWY4MTBk>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:46:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:46:07
Nº Rexistro: 49242
Data envío: 03/02/2026 17:46:07.240

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37447**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"á redución de frecuencias e a desaparición de liñas de transporte público en Ribeira e Dodro, así como as valoracións e explicacións das medidas previstas para garantir un transporte público accesible, eficiente e sustentable"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Co novo proxecto da concesión de transporte público por estrada da comarca do Barbanza, o Goberno galego redeseña os servizos para atender as necesidades de mobilidade da área, coa mellora das conexións na bisbarra e con Santiago de Compostela.

O proxecto de explotación, que se someteu a información pública ata o 15 de outubro, incrementa os recursos dispoñibles para adecuar a capacidade do servizo á demanda existente, con cinco vehículos máis. Ademais, a maioría dos autobuses terán máis de 55 prazas.

Para o establecemento dos servizos da concesión, mantivéronse varias xuntanzas de traballo cos concellos afectados para que trasladaran as súas demandas. Con todo, a configuración dos servizos que recolle o proxecto de explotación non é definitiva, pois a Xunta avanza na análise técnica das alegacións presentadas durante o período de información pública e na avaliación das posibilidades de mellora no seu conxunto.

No referente aos servizos entre Dodro e Santiago, o proxecto incorpora melloras como, por exemplo, a conexión directa cos hospitais, con horarios acordes ás quendas de traballo do persoal sanitario, ou o establecemento dunha liña específica para garantir o transporte do alumnado de Dodro que estuda nos institutos de Padrón".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 14:43:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48925
Data envío: 02/02/2026 14:43:43,322

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37604**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Paulo Ríos Santomé e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a previsión da Consellería de Educación e Presidencia de revisar o caso do alumno do CEIP plurilingüe Vicente Arias de la Maza, en Lalín, e de restablecer a parada de autobús revogada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Os criterios xerais para a creación de paradas de transporte integradas establécense na Instrución Conxunta 1/2025 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Dirección Xeral de Mobilidade. Nela indícase que "para ser usuario con dereito ao servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida".

De acordo coa zonificación aprobada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a parada mencionada corresponde á zona de influencia do CEIP Xesús Golmar (Lalín), estando fóra da do CEIP Vicente Arias de la Maza.

Aínda que o 8 de agosto de 2025 o Servizo de Mobilidade de Pontevedra autorizou esta parada, o 15 de setembro de 2025 revogou a resolución ao non se cumpriren os requisitos establecidos pola instrución conxunta para a súa autorización".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 14:39:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48923
Data envío: 02/02/2026 14:39:12.299

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37875**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"as frecuencias e prazas dispoñibles da liña de autobús entre Carballo e A Coruña, o control das prácticas de embarque da concesionaria Arriva SL, os tempos de viaxe e as medidas para mellorar a coordinación e regular os horarios"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público de titularidade da Xunta de Galicia ofrece unha alternativa de mobilidade adecuada ás necesidades da cidadanía entre Carballo e A Coruña, por frecuencias e capacidade do servizo.

De luns a venres laborables funcionan 58 servizos ao día, 29 en cada sentido, dos cales 18 son directos, 11 de Carballo á Coruña e 7 da cidade cara a Carballo.

Trátase dunha conexión interurbana cun equilibrio entre frecuencias directas que facilitan desprazamentos rápidos e cómodos (cunha duración prevista de entre 35 e 45 minutos), e servizos con paradas intermedias que permiten atender a mobilidade tamén dos concellos intermedios (cun tempo de viaxe estimado dunha hora ata a estación de autobuses da Coruña).

Na franxa de maior demanda, á primeira hora da mañá, hai 7 servizos que teñen chegada prevista á Coruña entre as 07:30 e as 09:10 horas, cada 15 ou 20 minutos, polo que facilitan os desprazamentos en horarios que se poden adecuar ás necesidades laborais ou educativas da cidadanía. Deses servizos, 4 realizan o traxecto directo ata a Coruña e teñen orixe en Buño, Muxía, Muros e Fisterra. En conxunto, os 4 servizos directos ofrecen máis de 220 prazas nun día laborable medio e, a maiores, o operador vén reforzando regularmente de luns a venres desde Carballo o servizo procedente de Muxía, que pasa sobre as 07:25 horas.

Os servizos con orixe en Muxía e Fisterra chegan a Carballo cunha ocupación media de 18 e 14 prazas respectivamente. O servizo de Muxía refórzase para atender toda a demanda e o de Fisterra sae cara á Coruña cunha media de 5 prazas dispoñibles.

O servizo conta, con carácter xeral, con capacidade para atender a todas as persoas usuarias. A Xunta leva a cabo un seguimento continuo sobre o funcionamento do servizo e as necesidades que poidan xurdir, para avaliar as solucións que correspondan en caso de que o aumento da demanda de transporte público nesta área poida tensionar a dispoñibilidade de prazas nalgún servizo en momentos de maior ocupación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto ao embarque na estación da Coruña, non está permitido establecer prioridades segundo o destino que puidesen provocar situacións de limitación no acceso ao servizo. De feito, a Xunta lembroulle ao operador a súa obriga de admitir nos servizos aos usuarios en condicións de igualdade e farase a supervisión precisa para garantir que o embarque dos usuarios se realiza de xeito adecuado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 14:38:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48919
Data envío: 02/02/2026 14:38:39.271

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37881**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"as medidas da Xunta de Galicia para garantir prazas suficientes nos autobuses entre Carballo e A Coruña, revisar a concesión de Arriva SL, aumentar frecuencias, mellorar o transporte escolar e avanzar na execución da autovía da Costa da Morte"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público de titularidade da Xunta de Galicia ofrece unha alternativa de mobilidade adecuada ás necesidades da cidadanía entre Carballo e A Coruña, por frecuencias e capacidade do servizo. De luns a venres laborables funcionan 58 servizos ao día, 29 en cada sentido, dos cales 18 son directos, 11 de Carballo á Coruña e 7 da cidade cara a Carballo.

En total, nun día laborable medio ofrécense máis de 900 prazas nos autobuses dos servizos directos entre Carballo e A Coruña. Para garantir as prazas necesarias nas frecuencias que concentran máis desprazamentos, a Xunta ten trasladado ao operador a necesidade de realizar unha previsión axeitada de medios para dar a debida resposta á demanda existente. Neste sentido, o operador reforza de xeito recorrente 4 servizos de luns a venres e outros 3 os venres pola tarde.

Con respecto ás necesidades do alumnado da Costa da Morte, hai que salientar que o transporte escolar está garantido na educación obrigatoria e que a Xunta ten adoptado medidas dirixidas a atender tamén as necesidades do alumnado de ensino non obrigatorio, sempre e cando resulten compatibles co interese do conxunto das persoas usuarias.

Así, por exemplo, no inicio do curso ampliouse a capacidade do servizo de primeira hora da mañá na liña Fisterra-Cee-A Coruña para atender as necesidades do alumnado dos institutos da zona, engadíronse novas paradas en Dumbría nos servizos que conectan con Cee en horarios de instituto e creouse un novo servizo de luns a venres ás 08:00 horas desde Camariñas para o alumnado do IES Terra de Soneira de Vimianzo. A maiores, o curso pasado axustáronse horarios no servizo entre Corme e Carballo que emprega o alumnado de Ponteceso do IES Monte Neme de Carballo".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 14:38:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48917
Data envío: 02/02/2026 14:38:22.783

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38056**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de dotar de medios e orzamento os traballos de prevención de incendios, restaurar as zonas afectadas, fomentar cultivos que reduzan o risco de lume e apoiar economicamente á comarca do Condado"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 34420 e debatida no Pleno do día 14 de outubro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Mzk2YWEyYjQtMWI3MS00YzVLLWI5ZjltNzdldYzRjNTM4Yzgw&start=9071>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:46:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:46:01
Nº Rexistro: 49241
Data envío: 03/02/2026 17:46:01.352

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38074**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"os motivos polos que a Secretaría Xeral para o Deporte destinou diñeiro público ao Ouren Sound Fest, a xustificación deste gasto, a falta de apoio económico ao deporte galego e a posible repetición deste tipo de subvencións no futuro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A secretaría xeral para o Deporte non fixo ningunha achega económica ao Ouren Sound Fest 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:37:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:37:01
Nº Rexistro: 49109
Data envío: 03/02/2026 10:37:01.012

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38154**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Óscar Insua Lema, don Iago Suárez Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o estado das instalacións deportivas municipais da Costa da Morte e as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria da liña de axudas ás entidades locais destinada a construír, rehabilitar ou mellorar estas infraestruturas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A secretaría xeral para o Deporte da consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes traballa coordinada e colaborativamente coas administracións e institucións afectadas polo desenvolvemento dunha rede de instalacións e equipamentos deportivos na Comunidade Autónoma, acorde coas necesidades do deporte e tecido deportivo galego.

Respecto da solicitude información sobre os convenios asinados, todos eles poden ser consultados no Rexistro de Convenios, regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG núm. 149, do 3 de agosto) e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), así como na base nacional de subvencións, e no DOG, onde son cuatrimestralmente publicados todos eles.

Pola súa parte, a dirección xeral de Administración Local da consellería, ten anualmente distintas liñas de axudas das que se poden beneficiar os concellos de menos de 5.000 habitantes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:36:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:36:46
Nº Rexistro: 49107
Data envío: 03/02/2026 10:36:46,587

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38230**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e don Daniel Castro García, sobre **"os déficits da cobertura de telefonía móbil e da TDT nas zonas rurais de Muxía e as actuacións inmediatas previstas polo Goberno galego co obxectivo de mellorar este problema"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Muxía dirixiuse no ano 2025 en dúas ocasións á Oficina de Banda Larga para solicitar información sobre a conectividade do municipio, sendo ambas solicitudes debidamente atendidas.

Máis concretamente, en marzo de 2025 recibíuse unha petición dun informe detallado sobre o estado da fibra óptica e da cobertura móbil e no mes de decembro de 2025, entrou polo rexistro electrónico outra solicitude do Concello na que se instaba á mellora da cobertura móbil.

Sinalar que a competencia en materia de telecomunicacións corresponde ao Estado, sendo de carácter paliativo as medidas que pon en marcha a Xunta de Galicia.

A Xunta impulsou unha iniciativa financiada con fondos propios e con fondos Europeos FEDER e FEADER, finalizada en 2025, destinada a mellorar a cobertura móbil en zonas sen servizo debido á súa localización illada e/ou á complexidade orográfica. Para a posta en marcha desta medida solicitouse aos concellos galegos, entre eles Muxía, a colaboración para a detección de zonas sen cobertura móbil. Salientar que, o Concello de Muxía non se adheriu á iniciativa ao non comunicar problemas de cobertura.

Esta iniciativa impulsada pola Xunta é pioneira en España e, ademais, non só conta coa aprobación de Europa, senón que está a ser empregada pola Comisión Europea como exemplo para o resto dos Estados membros, tal e como se recolle nas novas Directrices sobre as axudas estatais ás redes de banda larga publicadas en 2023.

Tanto é así que o Goberno de España lanzou dúas convocatorias similares á da Xunta de Galicia, cun prazo de execución que se estende a 2026, para a subvención de equipamento e infraestrutura pasiva de redes móbiles 5G a través do Programa UNICO 5G Redes Activas, no cal se persegue dotar de cobertura 5G a aquelas zonas que non dispoñían de cobertura 4G cunha velocidade mínima de 50 Mbps.

A este respecto, no concello de Muxía hai 227 zonas beneficiadas pola subvención concedida ao operador Orange na primeira convocatoria e 52 zonas beneficiadas polas subvencións concedidas aos operadores Orange e Telefónica na segunda".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:36:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:36:24
Nº Rexistro: 49104
Data envío: 03/02/2026 10:36:24.667

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38331**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“as deficiencias na cobertura de televisión e telefonía nas parroquias de Covas e Esmelle, na cidade de Ferrol, e as medidas que adoptou o Goberno galego ante esta situación”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2023, a Agrupación de Asociacións de Veciños da Zona Rural de Ferrol trasladou información sobre o estado da cobertura móbil e da fibra óptica en distintas zonas do municipio, indicando xa daquela que a cobertura móbil na parroquia de Covas presentaba deficiencias.

En relación coa deficiente cobertura de televisión, a Xunta de Galicia tivo coñecemento das novas incidencias de 2025 a través de chamadas recibidas no Centro de xestión e atención de rede -CEXAR- da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas -RETEGAL, S.A.-

Xa no ano 2019, o Goberno galego puxo en marcha unha iniciativa destinada a dotar de cobertura móbil ás zonas con deficiencias neste servizo.

Esta medida contou coa colaboración da FEGAMP, que se encargou de difundir a iniciativa entre todos os concellos de Galicia, co obxectivo de que estes trasladasen á Xunta as áreas sen cobertura. Neste contexto, o Concello de Ferrol non trasladou zonas con problemas de cobertura, motivo polo cal non formou parte desta actuación da Xunta de Galicia que rematou en 2025.

Desde a sociedade autonómica RETEGAL, S.A. realizáronse indagacións necesarias para coñecer as causas das novas incidencias, chegando á conclusión de que a causa é a existencia dunha plantación de eucaliptos (pertencente a un particular) que impide a correcta transmisión de sinal.

Segundo a información recabada, estas incidencias están sendo resoltas a medida que a propiedade da plantación ten iniciado á tala das devanditas árbores.

A Xunta de Galicia non dispón de ningunha outra información relativa a deficiencias en materia de cobertura móbil nas parroquias de Esmelle e Covas, no Concello de Ferrol.

En calquera caso, cómpre lembrar que corresponden ao Goberno de España as competencias en materia de telecomunicacións e, ademais é quen dispón dos principais fondos europeos destinados ao financiamento e posta en marcha de iniciativas para incrementar a cobertura das redes de telecomunicacións no territorio español, e por conseguinte en Galicia”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 10:36:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 10:36:04
Nº Rexistro: 49101
Data envío: 03/02/2026 10:36:04.543

CSV: BOPGDSPG-LIDiuKDZm-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38334**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da persistencia á altura do ano 2025 de problemas na cobertura dos servizos de telecomunicacións na cidade de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, sinalar que a competencia en materia de telecomunicacións é do Estado, e as medidas que pon en marcha a Xunta de Galicia buscan paliar a falla de actuacións do Goberno central.

A Xunta de Galicia tivo en marcha unha actuación de mellora da cobertura móbil para a que se levou a cabo unha fase inicial de contacto a través da FEGAMP cos concellos co obxecto de coñecer as zonas con deficiencia de cobertura móbil. A este respecto, o concello de Ferrol non comunicou en dito procedemento zonas con problemas de cobertura, motivo polo cal non formou parte desta actuación da Xunta de Galicia que rematou en 2025.

Salientar que, esta iniciativa impulsada pola Xunta é pioneira en España e, ademais, non só conta coa aprobación de Europa, senón que está a ser empregada pola Comisión Europea como exemplo para o resto dos Estados membros, tal e como se recolle nas novas Directrices sobre as axudas estatais ás redes de banda larga publicadas en 2023.

Tal é así que, o Goberno de España lanzou dúas convocatorias similares á da Xunta de Galicia para a subvención de equipamento e infraestrutura pasiva de redes móbiles 5G a través do Programa UNICO 5G. Non obstante, as zonas elixibles para ser obxecto destas axudas son aquelas situadas en concellos de menos de 10.000 habitantes, aínda que non se descarta que en futuras convocatorias poidan incluírse concellos cunha poboación maior.

En segundo lugar, a Xunta de Galicia insistiu en numerosas ocasións ao Goberno de España, que é o organismo que conta cos principais fondos europeos para o financiamento e posta en marcha de actuacións que incrementen a cobertura de redes de telecomunicacións en todo o territorio español, na necesidade de priorizar estes fondos para a posta en marcha de actuacións en Galicia polo súa complexa orografía e dispersión da poboación.

